



ÁREA DE REXENERACIÓN URBANA,  
DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE SOSTIBLE  
Departamento de Planeamento  
63111S010H 631/2017/92

Exp.: EDD-2/17

25-10-17

Ayto. de La Coruña Concello de A Coruña  
REGISTRO GENERAL  
SALIDA

Fecha: [ 16 OCT. 2017 ]

N.º Neg.: 193

Código: RS Planeamiento

*Destinatario*

MARGARITA RIVERA BELVIDE  
REP. CONGREGACIÓN ESCRAVAS  
SAGRADO CORAZÓN DE JESÚS  
PASEO DE RONDA 57  
15011 A CORUÑA

**NOTIFICACIÓN DA DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSIIÓN E  
DENEGACIÓN DA APROBACIÓN INICIAL DO ESTUDO DE DETALLE NO  
COLEXIO ESCRAVAS DO SAGRADO CORAZÓN**

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 6 de outubro de 2017, adoptou, entre outros, o acordo que se transcribe literalmente:

“INFORME-PROPOSTA DE ACORDO DE DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSIÓN INTERPOSTO CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16 DE XUÑO DE 2017, E DENEGACIÓN DA APROBACIÓN INICIAL DO ESTUDO DE DETALLE PARA A ORDENACIÓN DE VOLUMENES NO COLEXIO ESCRAVAS DO SAGRADO CORAZÓN

I. “ANTECEDENTES DE INTERESE.

1. María Loreto Sáenz de Buruaga Ozores, en representación da Fundación Educativa ACI, presentou o día 3 de abril de 2017 no rexistro xeral de Urbanismo, unha solicitude aos efectos de tramitar un estudio de detalle para a ordenación de volumes, na parcela de equipamento educativo do Colexio Escravas do Sagrado Corazón (A Coruña).
2. Con data 6 de abril de 2017, solicitouse informe do documento técnico á Arquitecta xefe da Oficina Técnica de Planeamento.

ÁREA DE REXENERACIÓN URBANA,  
DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE SOSTIBLE  
Departamento de Planeamento  
63111S010H 631/2017/92

3. Con data do 18 de abril de 2017 notificouse á interesada a apertura do expediente e, ao propio tempo, requiriuse a presentación de documentación adicional, coa advertencia de que de non presentarse no prazo concedido teríase por desistida da súa petición.

A interesada entregou no rexistro municipal do 27 de abril de 2017 nova documentación do estudo de detalle.

4. A xefa da Oficina Técnica de Planeamento, con data 23 de maio de 2017, emitiu informe desfavorable ao estudo de detalle por non axustarse ás condicións do planeamento urbanístico e ás da lexislación urbanística e sectorial de aplicación.

O xefe do Departamento de Planeamento e o xefe de Servizo de Planeamento e Xestión do Solo, con data 29 de maio de 2017, elaboraron un informe complementario ao anterior.

5. Analizada a documentación presentada pola interesada o día 27 de abril de 2017, comprobouse que esta non reúne os requisitos esixidos polo artigo 159 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei do Solo de Galicia.

6. Á vista do antedito, a Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o día 16 de xuño de 2017, acordou ter por desistida da tramitación do procedemento de aprobación do estudo de detalle á Fundación Educativa ACI, notificando o acordo con data 7 de xullo de 2017 á interesada.

7. Con data 7 de agosto de 2017, Margarita Rivera Belvide en representación da Congregación Escravas Sagrado Corazón de Jesús, presentou no rexistro municipal, un recurso de reposición contra o acordo de desistencia do procedemento, achegando xunto con este, documentación acreditativa da lexitimación para promover o estudo de detalle e informe técnico redactado polos arquitectos autores do planeamento.

## II. INFORME.

Como primeira cuestión hai que indicar que o acordo da XGL de data 16 de xuño de 2017, polo que se declarou a desistencia no procedemento de tramitación do expediente, non se fundamentou nos informes técnicos existentes no expediente



ÁREA DE REXENERACIÓN URBANA,  
DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE SOSTIBLE  
Departamento de Planeamento  
63111S010H 631/2017/92

administrativo como se afirma no recurso, senón na falta de xustificación da lexitimación para promover a tramitación do planeamento, polo que se considera que está correctamente ditado.

Dito o anterior, unha vez analizada a documentación achegada no Anexo 1 do recurso, compróbase que a persoa que presenta o recurso non é a promotora do estudo de detalle, senón que únicamente ten a condición de interesada no expediente, ademais os títulos achegados non xustifican a titularidade da parcela requirida legalmente para poder promover a tramitación do expediente, polo que procede desestimar o recurso presentado.

Por outra parte compe sinalar, que no caso de que se xustificara coa achega de nova documentación a titularidade da porcentaxe mínima da superficie requirida, poderían presentar novamente o documento do estudo de detalle a trámite.

Porén, á vista dos informes técnico-xurídico municipais que obran no expediente, hai que indicar que os argumentos que se achegan no informe técnico do Anexo 2 do recurso non se consideran axeitados, polo que non vencellan á administración, e se procedería á denegación da aprobación solicitada.

### III. COMPETENCIA

De conformidade co disposto no artigo 123.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o recurso potestativo de reposición presentarase ante o mesmo órgano que ditou a resolución.

Segundo o disposto no art. 127.1.d) e k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, coa modificación introducida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local a Xunta de Goberno Local é competente para a resolución do recurso potestativo de revisión.

Polo exposto elévase á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación se procede, a seguinte:

### PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Desestimar o recurso potestativo de reposición presentado no rexistro municipal o día 7 de agosto de 2017 por Margarita Rivera Belvide, contra o acordo da

**ÁREA DE REXENERACIÓN URBANA,  
DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE SOSTIBLE**  
Departamento de Planeamento  
63111S010H 631/2017/92

Xunta de Goberno Local do 16 de xuño de 2017, de desistencia da tramitación do procedemento de aprobación do estudo de detalle á Fundación Educativa ACI.

**SEGUNDO.-** Notificar á recurrente o acordo, indicándolle os recursos que procedan, o órgano ante o que houbera de presentalo e os prazos para interpoñelos.

A Coruña, 02 de outubro de 2017

O xefe do Departamento de Planeamento, (Asinado)	O Xefe de Servizo de Planeamento e Xestión do Solo,
Conforme, O Director da Área de Rexeneración Urbana (Asinado)	
V e pr. O tenente de alcalde de Rexeneración urbana e dereito á vivenda (Asinado)".	


Contra este acordo, que é definitivo na vía administrativa, poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ao que reciba esta notificación, segundo disponen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de interpoñer outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme a derecho.

O que se lle notifica para o seu coñecemento e producir os efectos conseguintes.

OPS/tsg

A Coruña, 16 de outubro de 2017

Director da Área de Rexeneración Urbana



Hipólito Pérez Novo